



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 10 DE XANEIRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Proxecto de Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto da estrada OU-531, situado na súa marxe esquerda entre o p.q. 8+330 e o p.q. 8+510, a prol do Concello de Vilar de Santos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de concertación social de emprego público de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2019.



CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a convocatoria 'O teu Xacobeo'

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o nomeamento estatutario de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde do 30 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para investimentos en PEME de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (Femp) e se convocan para o ano 2019.
- Informe sobre a Orde do 19 de decembro pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (Femp) e se convoca para o ano 2019, tramitado como expediente anticipado de gasto



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A PRIMEIRA LEI DE REHABILITACIÓN DE GALICIA, QUE AGORA INICIA A SÚA TRAMITACIÓN PARLAMENTARIA

- *O Consello da Xunta ratificou o texto desta primeira lei na Comunidade que pretende a axilización de trámites para a recuperación de centros históricos e núcleos rurais*
- *O obxectivo principal é facilitar a rehabilitación aproveitando o patrimonio construído e respectando o carácter histórico*
- *Búscase acadar unha Galicia máis atractiva para vivir, traballar e visitar, facilitando a recuperación do construído, fomentando a cultura da rehabilitación e impulsando a dinamización económica, social e demográfica, xa que non hai maior desprotección para unha edificación que o seu abandono*
- *Entre as novidades destaca que é a primeira vez que se establece un réxime sancionador para loitar contra as pintadas en edificacións históricas e tamén se amplían os supostos para a concesión de licenzas directas por parte dos concellos, para fomentar a rehabilitación e simplificar os procesos*

A primeira Lei de rehabilitación de Galicia inicia a súa tramitación parlamentaria, despois de que o Consello da Xunta lle dese esta mañá, na reunión semanal, o visto e prace ao texto definitivo, que ten por obxectivo axilizar a tramitación para a recuperación de centros históricos e núcleos rurais. Esta é unha das principais novidades que recollerá o texto que esta mañá foi ratificado polo Consello da Xunta de Galicia, e que agora será enviado ao Parlamento galego para a súa tramitación.

A Xunta impulsou esta normativa pioneira na Comunidade sendo consciente de que non hai maior desprotección dunha edificación que o seu abandono ou desuso, polo que se pretende incentivar e facilitar a rehabilitación, recuperando e aproveitando o xa construído e impulsando a cultura da rehabilitación.

O Goberno galego móstrase convencido de que con esta futura norma se habilita unha ferramenta para avanzar cara a unha Galicia máis atractiva para vivir, traballar e visitar, facilitando a recuperación do construído, fomentando a cultura da rehabilitación e impulsando a dinamización económica, social e demográfica, é dicir, compatibilizando a protección do patrimonio coas condicións de habitabilidade.

Crear unha cultura de rehabilitación é sinónimo de impulso á recuperación de centros históricos e núcleos rurais que se atopan degradados, co fin de convertelos en lugares de dinamización e revitalización económica e social; ao tempo que se conserva e protexe a paisaxe e se valora o xa construído e se reduce a presión urbanizadora sobre a contorna.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Tal e como se establece no seu articulado, a Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia prevé tamén a simplificación dos trámites de intervención nas vivendas situadas nos Camiños de Santiago. Neste sentido, no caso de que se pretenda levar a cabo unha rehabilitación dun inmovible neste ámbito, concederáse unha licenza directa, sempre que non afecte elementos especificamente protexidos. Estes supostos rexerán tamén nos núcleos rurais e urbanos con algún tipo de protección patrimonial.

Ademais, amplíanse os supostos de concesión de licencias directas por parte dos concellos, sen necesidade de contar coa autorización previa da Administración autonómica, para traballos como cambio de cuberta, actuacións en carpintarías exteriores, en fachadas ou no interior das edificacións, sempre que non afecten valores protexidos.

Outra das novidades que incorporará o futuro texto é que por primeira vez se establece un réxime sancionador específico para loitar contra aquelas pintadas e graffiti que se produzan nas edificacións históricas ou ámbitos protexidos.

Rehabilitación e rexeneración urbana

A norma aprobada esta mañá no Consello da Xunta diferencia dous ámbitos de actuación: por unha banda, a rehabilitación edificatoria; e por outra, a rexeneración urbana. No primeiro caso, comprende as actuacións de recuperación de edificios deteriorados ou que non reúnan os requisitos básicos de funcionalidade, seguridade e a habitabilidade. Nese sentido, mantense a aposta polas áreas de rehabilitación integral para aquelas intervencións que afecten edificios e vivendas dun ámbito declarado, podendo preverse a urbanización dos seus espazos públicos.

En relación coa rexeneración urbana, refírese a actuacións que afectan tanto a edificios como tecidos urbanos, podendo chegar a incluír obras de nova edificación en substitución de inmobles previamente demolidos, procurando programas de actuación de carácter integral, con implicacións sociais e económicas.

Fomento da rehabilitación

A primeira Lei de rehabilitación de Galicia tamén estará acompañada dun paquete de medidas. Por unha banda, aquelas que axilizarán trámites, eliminación de trabas e coordinación administrativa. A modo de exemplo, destaca a declaración de áreas Rexurbe, pensada para dar resposta á situación que presentan os ámbitos urbanos especialmente degradados que precisan dunha rápida intervención, tanto no plano edificatorio como no social, ambiental e económico; para o que se contará cun Centro

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Rexurbe, que tramite e coordine as actuacións de rehabilitación e dun Fondo Rexurbe para o financiamento dos proxectos de rehabilitación integral.

De feito, naqueles casos concretos de edificios ou conxuntos de edificios en que sexa necesario ou recomendable proceder a unha intervención inmediata, ábrese a posibilidade de declarar a utilidade pública e a urxente ocupación.

Por outra banda, prevense medidas de carácter financeiro que determinarán os investimentos e fondos das administracións ás políticas de rehabilitación, as axudas financeiras e os incentivos indirectos, como as desgravacións fiscais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE VILAR DE SANTOS DUN TRAMO ANTIGO DA ESTRADA OU-531, XINZO DE LIMIA- CORTEGADA, AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PARADA

- *O cambio de titularidade favorece a explotación da infraestrutura dende o punto de vista municipal, que asume a responsabilidade da súa conservación*
- *A cesión desta vía ao municipio ourensán formalizarase mediante sinatura da acta de entrega no prazo dos dous meses seguintes á publicación no DOG*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Vilar do Santos dun treito antigo da estrada OU-531, Xinzo de Limia- Cortegada, ao seu paso polo núcleo de Parada.

O municipio de Vilar de Santos é atravesado pola estrada autonómica OU-531, entre os seus puntos quilométricos 5+430 e 9+370 e o Concello solicitou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a transferencia dun treito de 180 metros situado na marxe esquerda desta vía, resultante da mellora de trazado realizada en tramos situados dentro do seu termo municipal.

Os servizos competentes do departamento de Infraestruturas da Xunta emitiron informe favorable a esta solicitude, e hoxe o Goberno galego rubricou o cambio de titularidade a prol do concello de Vilar de Santos, deste antigo treito da estrada OU-531, comprendido entre os puntos quilométricos 8+330 e 8+510.

O cambio de titularidade deste estrada a prol deste municipio ourensán cumpre co obxectivo de racionalizar a estrutura viaria municipal e permite unificar a titularidade da estrada no Concello, conseguindo así unha mellor xestión dos recursos públicos.

A transferencia desta estrada ao Concello de Vilar do Santos tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e logo do acordo entre as administracións implicadas.


Co cambio de titularidade, correspóndelle ao Concello de Vilar de Santos, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puiden corresponderlle como nova Administración titular das estradas

A cesión desta vía formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

De seguido amósase o plano do tramo que a Xunta transfire a prol do Concello de Vilar de Santos:



A XUNTA PACTA COS SINDICATOS UN ACORDO HISTÓRICO PARA A MELLORA DO EMPREGO PÚBLICO QUE INCLÚE DESENVOLVER A CARREIRA PROFESIONAL, A FUNCIONARIZACIÓN E AS SUBAS SALARIAIS ATA 2020

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste acordo con UGT e CC.OO, o máis importante da historia da Autonomía no eido da función pública*
- *Neste 2019 haberá unha suba salarial xeral do 2,25%, que a Xunta xa aboará desde a nómina de xaneiro cun importe medio anual duns 810 euros por traballador, e outro 0,25% desde xullo se o PIB acada un crecemento mínimo do 2,5%*
- *Implántase a carreira profesional na Administración xeral, un sistema voluntario e consolidable que recoñece o desempeño do empregado público e a súa formación*
- *Esta carreira profesional xa existe no Sergas, e os beneficiarios percibirán de xeito progresivo unha contía anual por cada grao que vai dos 761 euros na categoría de menor nivel ata os 2.460 na categoría A1*
- *Tamén se acorda a funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo, a través dun proceso sinxelo que permitirá eliminar a desigualdade entre traballadores da Xunta*
- *Este proceso xa comezou en 2018 coas primeiras 500 prazas e aumentará de xeito substancial este ano e o seguinte*
- *Xunta e sindicatos tamén acordan o volume de prazas mínimo nas ofertas de emprego público de 2019 e 2020, sen contar sanidade nin educación*
- *Estas novas ofertas permitirán seguir aumentando a estabilización do persoal e facilitando o acceso á función pública galega*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo global de mellora do emprego público de Galicia, o máis importante da historia da Autonomía e que permitirá desenvolver a carreira profesional no eido da Administración xeral, os procesos voluntarios de funcionarización do persoal laboral fixo ou as subas salariais xerais ata o ano 2020, ao tempo que establece un mínimo de prazas de emprego público para ofertar nos vindeiros anos.

Este acordo de concertación social, acadado coas organizacións UGT e CC.OO. e que será asinado nos próximos días, establece en primeiro lugar unha serie de medidas para a mellora do emprego público e das condicións de traballo. Entre estas medidas figuran unha aposta pola estabilidade, co obxectivo de reducir a taxa de temporalidade á contorna do 7%, e os incrementos retributivos que vai afrontar a Administración galega nos vindeiros anos.

Así, neste 2019 a Xunta aplicará unha suba salarial xeral para todos os empregados públicos do 2,25% con efectos desde o 1 de xaneiro, o que supoñerá de media uns 810 euros anuais por empregado público. A Xunta xa aboará este incremento desde a



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

nómina do mes de xaneiro, que se pagará este mes, grazas a que a Administración galega incluíu este aumento nos orzamentos en vigor e unha vez que conta con habilitación legal do Estado.

Ademais, o acordo establece unha suba salarial adicional do 0,25% con efectos do 1 de xullo, que se poderá aplicar se o crecemento do PIB en España iguala ou supera o 2,5% no conxunto do ano 2018, e Galicia poderá destinar outro 0,25% da masa salarial para fondos adicionais. En canto a 2020, o acordo prevé un aumento fixo do 2% e un aumento variable do 1% adicional se o PIB medra un 2,5% ou máis, así como un 0,3% para fondos adicionais. E, no caso de cumprirse o obxectivo de estabilidade orzamentaria, no ano 2020 engadiríase unha suba adicional do 0,55%, polo que a suba nese exercicio sería do 3,85%.

Hai que ter en conta que esta suba salarial xeral se unirá aos acordos acadados pola Xunta coas organizacións sindicais nos distintos ámbitos da Administración galega: a continuación da carreira profesional no Sergas, o acordo salarial co persoal docente, o acordo co persoal da Xustiza e outros acordos máis específicos, como o dos axentes forestais e ambientais ou o do Consorcio de Igualdade e Benestar.

Nova carreira profesional

O acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta tamén inclúe por primeira vez na historia da Autonomía a implantación da carreira profesional no ámbito da Administración xeral, un sistema voluntario e consolidable que recoñecerá o desempeño do empregado público e a súa formación continua, e que xa está implantado no Servizo Galego de Saúde.

Esta carreira profesional ten vocación de ser común para os servizo públicos autonómicos, e dá resposta a unha reivindicación histórica das organizacións sindicais. O obxectivo primordial deste sistema é favorecer a motivación dos empregados públicos e a súa mellor formación, nunha época de grandes cambios tecnolóxicos e organizativos.

Os beneficiarios da carreira profesional recibirán, de maneira progresiva, unha contía anual que irá, por cada grao, desde os 761 euros na categoría de menor nivel ata os 2.460 euros da categoría A1. Ademais, o persoal laboral fixo poderá acceder ao sistema de carreira profesional previsto neste acordo se opta de maneira expresa e individualizada por acollerse ao proceso de funcionarización e o supera.

O sistema de carreira profesional contará con dous réximes de aplicación: un réxime ordinario cun grao inicial e catro graos, ao que se poderán acoller os novos funcionarios e os que teñan menos de cinco anos de antigüidade, e un réxime extraordinario,

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

habilitado de xeito excepcional para os traballadores con máis de cinco anos de antigüidade. Este réxime extraordinario contará con catro graos e comporta o acceso ao grao 1, e ten como finalidade recoñecer o desempeño xa realizado polos funcionarios ao longo da súa traxectoria.

Para poder progresar na carreira terase en conta, entre outros criterios, a actividade profesional, a formación e innovación, a implicación e o compromiso coa organización e a participación en iniciativas e programas especiais, en liñas de traballo específicas ou transversais, en procesos de cambio e na implantación de novos sistemas.

Primeiro proceso global de funcionarización

No acordo acadado coas organizacións sindicais establécese igualmente o desenvolvemento do primeiro proceso global de funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta. Este proceso será totalmente voluntario e realizarase a través da participación nunha promoción interna, conseguindo así eliminar a desigualdade entre traballadores da Administración galega.

Deste proceso de funcionarización do persoal laboral fixo poderá beneficiarse a práctica totalidade deste, agás aqueles postos que non sexan funcionarizables polas súas características. As persoas que se acollan a este proceso terán máis oportunidades de mobilidade integral e promoción profesional, e manterán o seu destino actual e o recoñecemento de todos os servizos previos. Ademais, unificaranse as listas de contratación, polo que haberá menos listas e serán máis activas.

Este proceso pode desenvolverse porque foi incluído expresamente na Lei de emprego público de Galicia, e logo da adaptación nos últimos anos das relacións de postos de traballo, en 2018 xa foron incluídas na oferta de emprego público 500 prazas para funcionarizar. En todo caso, a previsión da Xunta é que esta cifra aumente de xeito substancial este ano e tamén o seguinte.

Máis emprego público

Finalmente, o acordo inclúe o compromiso por parte da Xunta de Galicia de ofertar no eido da administración xeral –é dicir, sen contar sanidade nin educación– un mínimo de prazas de emprego público entre 2019 e 2020, que poderá ser ampliado nos correspondentes procesos de negociación sindical. A previsión do Goberno galego é aprobar a oferta de emprego público para 2019 no primeiro trimestre do ano.

Estas novas ofertas de emprego público permitirán seguir aumentando a estabilización do persoal, co obxectivo de acadar unha taxa de estabilización do 93%, e facilitando ao mesmo tempo o acceso á función pública galega, para aquelas persoas que queren traballar na Xunta de Galicia e cumpren os requisitos para facelo.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Hai que ter en conta que no período 2017-2018 a Xunta de Galicia ten ofertado case 9.200 prazas de emprego público entre sanidade, educación e administración xeral, a maior parte delas de acceso libre. De feito, a oferta de emprego global do ano 2018 incluíu o número de prazas máis alto desde o ano 2008.



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A EGAP REFORZA ESTE ANO A FORMACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS

- *O Consello da Xunta informou esta mañá sobre o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública para este ano*
- *A formación é esencial na preparación profesional dos empregados públicos, á vez que contribúe á transformación e modernización da Administración*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública de 2019, que prevé a convocatoria de 523 edicións e 26.343 prazas. Igual que en anos anteriores, este programa formativo irá dirixido ao persoal da Administración autonómica galega, das entidades locais galegas, da Administración de xustiza de Galicia, ao persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do sistema universitario galego e ao persoal da Administración institucional e entes instrumentais do sector público de Galicia.

Como novidades en 2019 a Escola incrementará a oferta de cursos en materia de igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero, cunha previsión inicial de 31 edicións e 1.765 prazas e a extensión destas actividades a todo o persoal empregado público. Ademais, reforzaranse aquelas actividades relacionadas con materias de relevancia social, co obxecto de promover a capacitación e a concienciación sobre as diversas problemáticas en que se está a traballar desde as administracións.

Doutra banda, a Escola tamén prestará especial atención aos cambios normativos e ás necesidades específicas derivadas dos avances tecnolóxicos, co fin de que os empregados públicos dispoñan dunha cualificación específica e duns coñecementos actualizados que os capacite para seren axentes clave tanto na implantación das TIC no sector público, coa promoción do seu uso intensivo e do aproveitamento de todas as súas potencialidades, como na consolidación da administración electrónica.

A formación do persoal empregado público cumpre un papel fundamental dentro da Administración pública, xa que non só é esencial na preparación profesional dos seus recursos humanos senón que, ademais, fai posible a súa transformación e modernización. Así, convértese nunha ferramenta básica para que os empregados públicos poidan participar dos retos presentes e futuros da Administración pública e axudar a superalos, contribuíndo á súa modernización e ofrecendo un servizo áxil e de calidade á cidadanía.

Un ano máis, o Plan de formación para o 2019 supón unha clara aposta polos diferentes contornos de aprendizaxe e metodoloxías, entre os cales se atopan a docencia



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

presencial, a teleformación e a autoformación. A pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías constitúe outra das liñas vertebradoras do plan, co fin de facilitar a formación continua dos nosos empregados públicos eliminando as eventuais barreiras existentes na conciliación entre a vida familiar e laboral.

Formación continua

Por segundo ano consecutivo, o persoal da Administración autonómica e das entidades públicas instrumentais e Administración institucional contará cun programa formativo común composto por 270 edicións e 10.403 prazas. Para o persoal da Administración de Xustiza, a Escola ten previsto convocar para este ano un total de 33 edicións formativas e 1.510 prazas.

Segundo a liña instaurada nos últimos anos, a formación dirixida ao persoal das entidades locais galegas canalízase a través de dous eixes: por unha banda, a Escola convocará no 2019 as correspondentes subvencións para plans de formación das entidades locais de Galicia e, por outra banda, convocará 30 actividades docentes que se traducirán en 1.430 prazas ofertadas especificamente aos empregados das devanditas entidades.

Ademais, o persoal de administración e servizos das universidades galegas poderá matricularse en 21 actividades específicas e 950 prazas.

Finalmente, todos os colectivos mencionados poderán acceder a un programa común de linguas estranxeiras –con 47 edicións e 1.750 prazas-, de ofimática –con 38 edicións e 1.900 prazas- e de autoformación –con 84 edicións e 8.400 prazas.

A XUNTA LANZA 'O TEU XACOBEO', UNHA CONVOCATORIA DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA INCORPORAR E COFINANCIAR NOVOS PROXECTOS E INICIATIVAS DOS GALEGOS

- *Por primeira vez, calquera cidadán ou entidade, tanto de carácter público como privado, poderá presentar as súas propostas para desenvolver en 2019 e ata abril do 2020*
- *As subvencións, concedidas en réxime de concorrencia competitiva con base nunha serie de criterios obxectivos, cubrirán cinco áreas: ámbito artístico, patrimonio-historia-pensamento-espiritualidade, gastronomía, eido deportivo e ámbito social*
- *O obxectivo do Goberno galego é implicar e fomentar a participación de todos os axentes da sociedade para deseñar unha programación sociocultural diversa*

Co obxectivo de converter o Xacobeo 21 no máis participativo celebrado ata agora, propiciando a transparencia e a igualdade de oportunidades, a Xunta de Galicia lanzará nos próximos días unha convocatoria aberta de proxectos, denominada *O teu Xacobeo*, que permitirá incorporar e financiar novas iniciativas de todos os galegos. Así, por primeira vez, calquera cidadán ou entidade, tanto pública como privada, poderá presentar as súas propostas para levar a cabo na antesala do vindeiro Ano Santo.

Dotado cun investimento de 2 millóns de euros, *O teu Xacobeo* concederá, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións a novos proxectos de dinamización ao longo deste 2019 e ata abril de 2020. A través desta iniciativa, o Goberno galego busca implicar e fomentar a participación de todos os axentes da sociedade para deseñar xuntos unha programación sociocultural que anticipe a celebración do Xacobeo 21 e a súa repercusión.

Deste xeito, definirase conxuntamente o seu contido desde unha perspectiva multidisciplinar e plural, impulsando ao mesmo tempo o desenvolvemento sustentable do territorio. Poderán optar a estas axudas económicas tres tipos diferentes de solicitantes: entidades locais (concellos galegos, mancomunidades de concellos, consorcios locais e as deputacións provinciais), entidades privadas (persoas físicas ou xurídicas constituídas baixo forma mercantil ou civil e as comunidades de bens que están comprendidas na definición de pequena e mediana empresa) e entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

No caso de entidades públicas, abrirase unha liña de 875.000 euros, para subvencionar, en función do tamaño demográfico, un máximo do 85% por proxecto ata os 50.000 euros. Para as entidades privadas, disporanse 825.000 euros adicionais que cubrirán un máximo do 60% ata 25.000 euros. Finalmente, para entidades sen ánimo de lucro

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

consígnanse 300.000 euros, con axudas polo 90% do proxecto presentado e ata 20.000 euros.

Especial incidencia no rural

No caso das entidades públicas, para o cálculo da achega aplicaranse rangos de intensidade na contía da subvención segundo criterios poboacionais coa intención de fomentar o desenvolvemento de actividades nas áreas rurais, apoiar os municipios con menos recursos económicos e fomentar a cooperación entre concellos.

O teu Xacobeo abrangue un total de cinco áreas subvencionables: ámbito artístico, patrimonio-historia-pensamento-espiritualidade, gastronomía, ámbito deportivo e ámbito social.

O ámbito artístico comprende toda unha serie de disciplinas como artes visuais, arquitectura, deseño, cultura dixital, artesanía, moda, cinema e documental, todo tipo de músicas, artes escénicas (teatro, danza, novo circo etc.), literatura e libro. No eido do patrimonio, historia, pensamento e espiritualidade terán cabida foros de reflexión, encontros, publicacións, estudos, conferencias, xornadas de formación, programas de intercambio con expertos doutras nacionalidades, charlas educativas en colexios etc.

En canto á área gastronómica, inclúense experiencias e actividades de elevado valor engadido, que contribúan a dar a coñecer e gozar do patrimonio enogastronómico de Galicia achegando a visitantes e locais unha parte das tradicións, oficios, cultura, historia e identidade territorial. Tamén a promoción de produtos con denominación de orixe ou indicacións xeográficas (por exemplo, catas e degustacións, charlas, talleres, actividades de formación e intercambio, publicacións, feiras e outras).

Vida activa e voluntariado

No ámbito deportivo prevense eventos de calquera disciplina deportiva, con especial atención ás actividades non profesionais e para todos os públicos. Inclúense actividades dirixidas e ao aire libre como camiñadas ou rutas organizadas, clases en grupo e tamén disciplinas relacionadas co benestar, o fomento da vida activa e o gozo respectuoso da natureza. Por último, o ámbito social contempla os programas de voluntariado, sociais e/ou educativos que fomenten a inclusión e participación.

Na repartición das subvencións aos proxectos presentados, valoraranse como criterios principais a pertinencia, calidade do contido e das actividades, comunicación e difusión, viabilidade e sustentabilidade. Así, avaliarase se se axusta aos obxectivos e prioridades da estratexia do Xacobeo 2021 especificada nas directrices aprobadas tanto polo Consejo Xacobeo a nivel nacional como pola Comisión Organizadora do Xacobeo 21 en



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Galicia. Tamén se terá en conta como se implementan na práctica ou en que medida contribúe á difusión dos valores e obxectivos asociados ao Ano Santo.

Participación e sustentabilidade

O teu Xacobeo forma parte de toda unha serie de medidas coas que o Executivo autonómico está a sentar as bases do vindeiro Ano Santo e que contan, a través da Consellería de Cultura e Turismo, cun investimento total de 30 millóns de euros.

O Xacobeo 21, concibido como unha cita que vai máis aló dun ano concreto, amplía o seu alcance e pegada tanto aos anos anteriores como aos posteriores, convertendo esta celebración en motor de desenvolvemento e dinamización de Galicia. Para iso conta con cinco piares fundamentais: planificación, participación de toda a sociedade, o seu carácter global, a proxección internacional e a sustentabilidade.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

SANIDADE PROPÓN CONTRATOS CUN MÍNIMO DUN ANO DE DURACIÓN PARA UNHA MAIOR ESTABILIDADE DOS PROFESIONAIS

- *O borrador será presentado mañá venres en Mesa Sectorial de Sanidade para os efectos de acadar un acordo que permita a súa inmediata implantación*
- *Está destinado a médicos de familia e pediatras de atención primaria*
- *O nomeamento é de 12 meses susceptibles de prórrogas de idéntica duración ata un máximo de 3 anos*
- *Se a prestación dos servizos se estende por un período acumulado de 12 ou máis meses nun período de dous anos, poderase valorar a creación de prazas estruturais*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou hoxe, no Consello da Xunta, un informe do seu departamento no que se aborda o borrador do acordo sobre o establecemento dun nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Sergas. Trátase dunha nova modalidade contractual para vínculos temporais do persoal médico de familia e pediatras de atención primaria do Sergas, que prevé contratos cun mínimo dun ano de duración e tres de máximo.

O borrador será presentado mañá venres na Mesa Sectorial de Sanidade para a súa negociación cos representantes de persoal, para os efectos de acadar un acordo que permita unha implantación inmediata desta medida para vínculos que melloren as condicións laborais dos médicos especialistas actualmente dispoñibles, pero, tamén, para os médicos internos residentes que teñan previsto rematar no vindeiro mes de maio.

Este nomeamento de continuidade, de 12 meses susceptibles de prórrogas de idéntica duración ata un máximo de 3 anos, permitirá a dispoñibilidade de persoal para a cobertura das necesidades asistenciais que se produzan, posibilitando o cumprimento dos obxectivos de garantía de funcionamento permanente e continuado dos centros sanitarios. Así mesmo, tamén permitirá un servizo máis eficaz á poboación, ademais dunha maior estabilidade laboral aos profesionais, fidelizando os recursos humanos dispoñibles.

Sinalar que á finalización dos nomeamentos, se a prestación dos servizos se estendese por un período acumulado de 12 ou máis meses nun período de dous anos, poderase valorar a creación de prazas estruturais a nivel de distrito ou dos centros para a cobertura das necesidades consideradas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Contémplase, tamén, que o réxime de prestación dos servizos será de dous ou máis centros dentro do mesmo distrito sanitario. Por razóns obxectivas xeográficas ou número de persoal do centro, poderá abarcar un único centro.

O persoal vinculado con estes nomeamentos gozará dos mesmos dereitos e obrigas que o restante persoal do/s centro/s a que estea vinculado, en particular do mesmo réxime de descansos, permisos e vacacións.

Con esta medida, o departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña cubrirá, de xeito óptimo e eficiente, as necesidades asistenciais conxunturais, garantindo a estabilidade laboral do persoal afectado e reducindo o número de chamamentos sucesivos. Hai que sinalar que este nomeamento, que está destinado a médicos de familia e pediatras de atención primaria podería estenderse nun futuro a outras categorías profesionais.

Medidas xa adoptadas

Esta nova medida que vai levar a cabo o Sergas vén complementar outras xa adoptadas no eido da sanidade pública na procura da mellora das condicións de traballo dos profesionais de atención primaria. Entre estas iniciativas están as convocatorias de ofertas de emprego públicas en categorías específicas de primaria no período 2013-2018, cun número de prazas ofertadas de 337 médicos de familia, 68 pediatras, 75 de persoal de servizos xerais e 20 profesionais de enfermaría especialistas en familiar e comunitaria.

Ademais, incrementáronse as prazas de formación especializada de médicos de familia e pediatras a través da acreditación de novas unidades docentes, logo da solicitude ao Ministerio de Sanidade.

Xunto ao anterior, flexibilizouse a prórroga no servizo activo máis aló da idade de xubilación e, dende a adopción desta medida, 116 médicos de familia e 20 pediatras continúan a traballar no sistema público xa cumpridos os 65 anos.

Tamén se promoveu a integración no réxime estatutario do persoal do antigo modelo (APD) a través de incentivos como a carreira profesional. Así, en 2018 integráronse 13 profesionais de atención primaria.

Asemade, púxose en marcha o concurso de traslados aberto e permanente, de carácter anual, que permite atraer profesionais doutros servizos de saúde. O número de prazas convocadas de médico de familia no último concurso foi de 409 e 103 de pediatras de atención primaria.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Débese sinalar tamén que Galicia é unha das primeiras comunidades na creación e implantación efectiva da categoría de enfermeiro especialista, na que se inclúen as especialidades de enfermaría familiar e comunitaria e de enfermaría pediátrica.

Cómpre destacar, igualmente, a incentivación da docencia posgraduada nos concursos de traslados, OPE e carreira profesional, con puntuacións específicas e compromiso de exercicio da docencia vinculado a determinados destinos (30 prazas).

Adicionalmente, o persoal de atención primaria resulta partícipe da mellora das condicións laborais de xeral aplicación do Sergas e empregados públicos da Xunta que se veñen aplicando dende a recuperación económica.



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

GALICIA SUBVENCIONARÁ ATA O 50% DOS INVESTIMENTOS QUE FAGAN AS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUCTOS DO MAR QUE FOMENTEN A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula a convocatoria de 2019 destas achegas na que a Xunta pon preto de 15 millóns de euros á disposición das pemes de transformación de produtos do mar*
- *Teñen como obxectivo apoiar investimentos das pemes que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no ambiente, que melloren a seguridade, a hixiene e as condicións de traballo, entre outros aspectos*

A consellería do Mar destina preto de 15 millóns de euros á convocatoria de axudas de 2019 para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura. Deles, 5,7 millóns de euros son para a anualidade 2019 e a cantidade restante, 9 millóns de euros, para a anualidade 2020. A través destas achegas, cofinanciadas, co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (Femp), apoiaranse ata o 50% dos investimentos que fagan as pemes que fomenten a sustentabilidade ambiental.

Así o sinala o informe sobre esta convocatoria de axudas, avaliado hoxe no Consello da Xunta. Nel tamén se reflicte que son obxecto destas achegas os proxectos que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no medio ambiente, que melloren a seguridade, a hixiene, a saúde e as condicións de traballo e que axuden á transformación de capturas de peixe comercial que non se poida destinar ao consumo humano.

Ademais son obxecto de subvención aquelas actuacións relacionadas coa transformación de produtos de acuicultura ecolóxica, así como as que dean lugar a novos e mellores produtos, procesos e sistemas de xestión e organización, entre outros.

As persoas interesadas en acceder a estas axudas poden consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*, onde se especifica o prazo de presentación de solicitudes, que remata o vindeiro 28 de xaneiro.

Convocatorias anteriores

Das convocatorias de 2016, 2017 e 2018 desta orde de axudas beneficiáronse preto de 130 pemes de transformación de produtos do mar por valor de máis de 30,7 millóns de euros. A través delas, subvencionáronse, entre outros proxectos, algúns relacionados coa posta en marcha de industria de procesamento de peixe, con equipamentos para a

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

mellora dos procesos de transformación, coa innovación no ámbito de novos e mellores procesos, coa mellora no tratamento de residuos e o aforro enerxético.

OS PROPIETARIOS DE BUQUES PESQUEIROS GALEGOS PODERÁN BENEFICIARSE DUN MILLÓN DE EUROS EN AXUDAS PARA INVESTIMENTOS QUE FOMENTEN A PESCA SUSTENTABLE

- *Son obxecto destas achegas os investimentos para limitar o impacto da pesca no medio mariño, as actuacións que melloren as condicións de traballo, hixiene e seguridade dos buques e aquelas relacionadas coa eficiencia enerxética*
- *Outros investimentos obxecto de axuda son aqueles que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas*
- *As persoas interesadas en cursar as solicitudes no marco da convocatoria de axudas de 2019 poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o Diario Oficial de Galicia nos próximos días*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2019 de axudas a propietarios de buques pesqueiros galegos para investimentos que fomenten a pesca sustentable. A estas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (Femp), a Xunta destina algo máis dun millón de euros.

Poderán beneficiarse delas os propietarios de buques pesqueiros con porto base en Galicia. O informe sinala que son obxecto destas achegas os investimentos para limitar o impacto da pesca no medio mariño e para protexer as especies. Tamén se poderán subvencionar actuacións que melloren as condicións de traballo, hixiene e seguridade dos buques e aquelas relacionadas coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático.

Outros investimentos obxecto de axuda son aqueles que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas. Tamén son subvencionables os investimentos en servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

Así, a través destas axudas subvenciónanse actuacións como a modernización de buques, a subministración e instalación de hélices de manobra e a reforma das estruturas de abrigo na cuberta. Tamén equipamentos para os buques como dispositivos de salvamento e loita contra lumes, traxes de supervivencia, equipamentos de navegación ou adaptacións en instalacións dos buques para mellorar as condicións hixiénicas.

As persoas interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *Diario Oficial de Galicia* nos próximos



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

días. O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado desde o día seguinte á súa publicación no DOG.



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"